



FACULTADE DE FILOLOXÍA

Boletín 43

22-26 xullo de 2024

Actividades académicas

TÍTULO : Enquisas de satisfacción coas prácticas externas

DESTINATARIOS/AS: Estudiantado, titores/as académicos/as e titores/as profesionais

ORGANIZACIÓN: Decanato/Centro de datos

DATA/S: dende o día 15 de xullo ao 31 de xullo (ambos inclusive)

CONTACTO: filoloxía.decanato@usc.gal

DESCRICIÓN:

Realización de enquisas de satisfacción coas prácticas externas no curso 2023/2024, nas materias de titulacións de grao e mestrado (estudiantado, titores/as académicos/as e titores/as profesionais).

Actividades culturais

TÍTULO: X Edición do Concurso Literario Mazarelos

DESTINATARIOS/AS: alumnado de grao, mestrado e doutoramento que estea matriculado en calquera titulación da USC, ou ben investigadoras/es que estean contratados na USC con cargo a proxectos de I+D ou programas posdoutorais, em calquera momento do ano 2024 anterior á finalización do prazo de presentación

ORGANIZACIÓN: CNL da Facultade de Filoloxía

DATA/S: 15 de abril-30 setembro de 2024 (entrega de orixinais)

CONTACTO: filoloxia.decanato@usc.gal

LIGAZÓN: <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-filoloxia/concurso-literario-mazarelos>

DESCRICIÓN:

Co obxectivo de fomentar a creatividade da mocidade universitaria e desenvolver a súa capacidade de expresión en lingua galega, así como para contribuír a descubrir potenciais figuras deste eido da cultura, a Comisión de Normalización Lingüística da Facultade de Filoloxía convoca anualmente o Concurso literario Mazarelos, nome que lembra e homenaxea as raíces da Facultade, e mesmo da Universidade e da propia Compostela.

Consulta as bases na ligazón indicada arriba e anímate a participar!



X Concurso literario Mazarelos (2024)

| | |
|------------------------------------|--|
| 1.º premio: 600 € | Aberto a todo o estudantado da USC e a investigadoras/es contratadas/os |
| 2.º premio: 500 € | |
| 3.º premio: 400 € | Prazo de presentación ata 30 de setembro de 2024 |

Información e bases:

www.usc.gal/gl/centro/facultade-filoloxia/concurso-literario-mazarelos
www.usc.gal/gl/servizos/unidades/servizo-normalizacion-linguistica



Actividades académicas

TÍTULO: IV Simposio Internacional Aspectos Lingüísticos do Noroeste Ibérico (SIALNI4)

ORGANIZACIÓN: Comité organizador do SIALNI4

DATA/S: 3-4 de outubro de 2024

LUGAR: Facultade de Filoloxía (USC)

HORARIO: Pendente

CONTACTO: ilg.sialni4@usc.gal

LIGAZÓN : <https://ilg.usc.gal/gl/actividades/SIALNI4>


DESCRICIÓN:


O IV Simposio Internacional Aspectos Lingüísticos do Noroeste Ibérico (SIALNI4), que se celebrará os días 3 e 4 de outubro de 2024 na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, quere seguir o espírito das tres anteriores edicións, que tiveron lugar nas Universidades de Xénova (2021), Oviedo (2022) e Salamanca (2023), e aspira a converterse nun lugar de encontro de referencia para os académicos que se dedican á investigación da realidade lingüística do noroeste ibérico.



Aspectos Lingüísticos
do Noroeste Ibérico

3-4 de outubro de 2024
Facultade de Filoloxía (USC)

Organización:  USC INSTITUTO DA LINGUA GALEGA Grupo FILGA (GI-1743)

Financiamento:  XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

Información  Inscripción

Actividades académicas

TÍTULO : III Xornada sobre Variación e Cambio Lingüístico

ORGANIZACIÓN: Grupo FILGA

DATA/S: 8 de novembro de 2024

LUGAR: Salón de graos da Facultade de Filoloxía

HORARIO: 09:30 – 18:30

CONTACTO: marta.negro@usc.gal

LIGAZÓN : <https://ilg.usc.gal/gl/actividades/III-xornada-variacion-cambio>

DESCRICIÓN:

Esta xornada, organizada polo Instituto da Lingua Galega da USC e o Centro de Línguas, Literaturas e Culturas da Universidade de Aveiro, ten como obxectivo promover e difundir traballos do campo da variación e o cambio lingüístico. Serán aceptadas propostas que traten calquera aspecto relacionado con esta área de investigación, se ben serán moi benvidas aquelas que aborden algunha das seguintes liñas temáticas:

- Actitudes e ideoloxías sobre a variación e o cambio lingüístico
- Variación lingüística no ensino de linguas
- Variación e cambio lingüístico en situacións de contacto
- Propagación de procesos de variación e cambio lingüístico

Envío de resumos: antes do 30 de xuño



Outras informacións

TÍTULO: Caixa da Comisión de Normalización Lingüística de Filoloxía

ORGANIZACIÓN: Comisión de Normalización Lingüística de Filoloxía

CONTACTO: filoloxia.decanato@usc.gal

LIGAZÓN: <https://www.usc.gal/gl/centro/facultade-filoloxia/caixa-cnl-achegas-normalizacion-linguistica>

DESCRICIÓN:

Prezadas e prezados membros da Facultade de Filoloxía

Comprácenos informarvos de que na nosa páxina web incluimos unha caixa da Comisión de Normalización Lingüística de Filoloxía para recibir nela achegas, alén de conter tamén outras informacións da propia CNL.

Polo tanto, animámosvos a utilizar este medio para presentardes suxestións, informacións, queixas, comentarios... que contribúan á normalización da lingua galega na Facultade, na Universidade e na sociedade.

Caixa da CNL: achegas para a normalización lingüística

Na Comisión de Normalización Lingüística (CNL) da Facultade de Filoloxía ofrecemos este espazo para poderen achegar comentarios, suxestións, queixas... que contribúan á normalización da lingua galega.

Ligazón para efectua-la achega
(correo electrónico da Facultade)

CNL: Quen somos

Información da CNL (Intranet)


Concurso literario Mazarelos





FACULTADE DE FILOLOXÍA

A Facultade de Filoloxía está en X e en Instagram!

Instagram

 Inicio

 Búsqueda

 Explorar



← **Filoloxía USC**
119 posts



Filoloxía USC
@filoloxia

Conta oficial da Facultade de Filoloxía da USC

 Santiago de Compostela  usc.es/gl/centros/fil...

 Joined September 2020

[Edit profile](#)

facultadefiloloxiausc

[Editar perfil](#)

[Herramientas de anuncios](#)



5 publicaciones

401 seguidores

169 seguidos

Facultade de Filoloxía da USC

Universidad

Información sobre as actividades académicas e culturais da Facultade de Filoloxía da USC

#filoloxiausc

twitter.com/filoloxia

A biblioteca de Filoloxía está en Instagram e Facebook!



@busc_filoloxia



@buscfiloloxia
